

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia de Galicia complementa os coñecementos e as competencias que lle achegan ao alumnado nas materias de Historia de España, de Historia do Mundo Contemporáneo, de Xeografía e de Historia da Arte, polo que debe afondar no coñecemento crítico das especificidades históricas de Galicia en perspectiva comparada co resto do Estado español e co contexto mundial.

A selección de contidos desta materia atende á descrición dos procesos e dos fenómenos máis salientables da conformación xeográfica e histórica de Galicia, cun tratamento en profundidade das transformacións da época contemporánea ata o presente. A dita selección de contidos fomenta, tamén, a aplicación de técnicas de análise de fontes diversas e perspectivas interpretativas específicas das ciencias sociais, así como o estudo do pasado na aula e no contexto escolar, como estratexia de ensino e aprendizaxe que favoreza a comprensión crítica da multicausalidade histórica e das características da Galicia actual. Os referidos contidos organizan cronoloxicamente e tematicamente os aspectos económicos, sociais, político- institucional e culturais que marcaron o devir histórico de Galicia.

O estudo desta materia debe fomentar a capacidade para contextualizar cronoloxicamente e espacialmente o espazo xeográfico e os feitos e procesos históricos, interrelacionando as variables económicas, políticas, sociais e culturais. Deste xeito, o alumnado será quen de analizar fontes diversas, sintetizando a información e elaborando interpretacións razoadas e multicausais, utilizando para iso tanto o material bibliográfico e as fontes escritas como os medios propios das tecnoloxías da información e da comunicación dixital. A materia desenvolverá, tamén, as competencias clave.

O patrimonio artístico e cultural galego caracterízase pola súa riqueza, diversidade e extensión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. O estudo do seu patrimonio permite comprender que elementos materiais e inmateriais do seu acervo cultural son obxecto de protección, conservación e difusión consonte a normativa de referencia, tanto por parte das administracións públicas como por parte dos particulares.

Porén, a materia de Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia, recoñece e pón en valor a inmensa riqueza do acervo artístico e cultural galego; unha maneira máis de contribuír ao mantemento do noso singularísimo patrimonio cultural ao longo do devir xeracional, adecuando a difusión do coñecemento do propio aos estilos de aprendizaxe actuais.

Xa que logo, as competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios á xeografía, á historia e a arte de Galicia. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía tratarase moi especialmente a través das ciencias auxiliares da xeografía e da historia, como a estatística ou os métodos numéricos aplicados ás ciencias sociais. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental, potenciando deste xeito no alumnado as actitudes e as capacidades de investigación con criterio científico e metodolóxico, tolerancia, sentido crítico, predisposición ao diálogo, asunción de responsabilidades compartidas, respecto polo patrimonio cultural e ambiental de Galicia, e compromiso coa súa preservación e posta en valor. O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

A Xeografía e Historia de Galicia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as TIC.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a diversidade natural de Galicia e a súa singularidade xeográfica dentro de España e Europa, a través da comparación de características comúns e específicas do relevo, o clima, a hidrografía e a biodiversidade.	2-3		2-4	1-3	12-32-40	4	1	
OBX2 - Interpretar o legado histórico de Galicia e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analoxías e singularidades da súa evolución nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información.	2-3	1	2-4	1-3	31-32-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos galegos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte galega, identificando e contextualizando espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións artísticas de Galicia, analizando a súa contorna social, política e cultural.	3	1		1-2-3	32-40	1-2-3		1-2-31
OBX4 - Coñecer e valorar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, analizando exemplos concretos do seu aproveitamento e as súas funcións, para contribuír á súa conservación e promoción como elemento conformador da identidade individual e colectiva, e como dinamizador da cultura e da economía.	3-4	1		1-3	32-40	1-2-3		1-2-31
OBX5 - Integrar a perspectiva de xénero no estudo da materia, analizando o papel que ocuparon a muller e a imaxe que dela se deu nas diferentes etapas históricas e movementos artísticos de Galicia, para promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.					31-40	1-2-3		
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais na evolución xeográfica, artística e histórica, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, valorando a situación actual de Galicia nos parámetros indicadores de progreso económico e social e adoptando un compromiso activo coa sostibilidade e a defensa dos dereitos sociais.			3-4-5	1-3	20	4	1-2	
OBX7 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria de Galicia, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.		3			31	1-2		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O medio físico de Galicia: relevo, clima, hidrografía e formas de hábitat.	Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo, variantes climáticas, cuncas fluviais e paisaxes naturais.	6	6			X
2	A poboación e os sectores produtivos de Galicia	Analizar a demografía e a súa problemática. Desequilibrios e envellecemento. O espazo rural e as actividades do sector primario. PAC e PPC. A industria, factores e problemática actual. Terciarización da economía en Galicia. Economía dixital e globalización.	6	9			X
3	As raíces históricas de Galicia	Prehistoria de Galicia. A conquista romana. O Reino suevo. Galicia na Idade Media: crises baixomedievais, as guerras irmandiñas. Características da sociedade feudal galega.	8	14	X		
4	As raíces da arte galega e a Arte Medieval en Galicia.	As imaxes e a súa representación simbólica. Arte da Prehistoria en Galicia. A cultura castrexa. Arte romana. Arte prerrománica. Suevos e Visigodos. Arte Románica. O Románico no Camiño de Santiago. Arte Gótica: unha cultura urbana.	5	15	X		
5	Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)	Sociedade. Economía. Institucións políticas. Real Audiencia, Xuntas do Reino. A Ilustración en Galicia.	10	8	X		
6	Arte na Idade Moderna en Galicia.	O Renacemento. A diversidade do Barroco. Barroco compostelán. Neoclasicismo. O urbanismo academicista.	5	12	X		
7	Galicia no S.XIX	A guerra contra Francia.	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Galicia no S.XIX	Absolutismo e o estado liberal. Economía e estrutura demográfica na Galicia do S.XIX. O proceso desamortizador. Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo.	10	10	X		
8	Galicia no primeiro terzo do S. XX (1900-1936)	A crise da Restauración en Galicia. Economía e evolución demográfica no primeiro terzo do século. O éxodo ultramarino, auxe da burguesía e transformacións na estrutura económica. Evolución política desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades. A II República e o primeiro Estatuto de autonomía de Galicia. Primeiras formas de participación feminina en política.	10	9		X	
9	Galicia durante a Guerra civil e o Franquismo. (1936-1975).	A sublevación militar, bandos e a guerra en Galicia. Consecuencias: a posguerra. Economía autárquica no primeiro franquismo. Os anos do desenvolvemento. Os últimos anos do franquismo.	10	9		X	
10	Galicia na transición e a Democracia. (1976-2022)	A Constitución de 1978. O proceso autonómico: O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. A integración na U.E.: O Euro. Transformacións sociais, económicas, culturais e políticas: a construción do Estado do Benestar. Os avances sociais no respecto na diversidade étnica e na igualdade de xénero. Lexislación para a igualdade de 2007. Os desastres ecolóxicos: O caso do "Prestige". A crise económica de 2007. A crise de 2020: A pandemia do "Covid-19".	15	9		X	
11	Arte na Idade Contemporánea en Galicia.	Arte galega do S. XIX. Os novos materiais: historicismo e eclecticismo. Escultura do Rexurdimento. Pintura: do Romanticismo ao Realismo. Arquitectura do S.XX e XXI. Funcionalismo do Movemento Moderno e arquitectura orgánica. As vangardas nas artes plásticas. Escultura e pintura no S.XX. Os novos medios: a fotografía e o cine en Galicia.	5	9		X	
12	O Patrimonio cultural de Galicia.	O Patrimonio cultural en Galicia. Conservación do patrimonio.	10	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	O Patrimonio cultural de Galicia.	O rexistro de Bens de interese cultural. Tipoloxía e Normativa. A conservación, posta en valor, fomento e difusión dos Bens do patrimonio de Galicia. Función social do patrimonio.	10	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O medio físico de Galicia: relevo, clima, hidrografía e formas de hábitat.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo.	Identifica e coñece as unidades xeomorfolóxicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica.	PE	60
CA1.2 - Distinguir as variantes climáticas galegas, sinalando os elementos e os factores que as conforman.	Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas.		
CA1.3 - Describir a biodiversidade, solos e a rede hídrica e analizar o aproveitamento destes recursos.	Identifica a biodiversidade, solos e os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.	TI	40
CA1.4 - Describir e reflectir nun mapa a singularidade das paisaxes naturais de Galicia e relacionar o medio natural coa actividade humana.	Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula as súas características e os problemas suscitados pola acción humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica. Análise de planos, mapas e representacións gráficas. Dominio do concepto de espazo xeográfico.</li> <li>- Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos de solo.</li> <li>- Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan. Uso de webs e aplicacións móbiles.</li> <li>- Rede hidrográfica de Galicia.</li> <li>- Paisaxes naturais galegas. Biodiversidade, ecosistemas, espazos naturais protexidos. Políticas ambientais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A poboación e os sectores produtivos de Galicia	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar a realidade demográfica galega e a súa evolución histórica, comprendendo os factores que a determinan e a cuestión do avellentamento poboacional, identificando as redes urbanas de Galicia.	Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.	PE	60
CA1.6 - Identificar o espazo rural e as actividades do sector primario (agricultura e gandaría).	Identifica e coñece as actividades propias no espazo rural, así como a súa modernización agropecuaria de Galicia ao longo do S. XX e a entrada na UE con os PAC.		
CA1.8 - Recoñecer os factores da industria en Galicia, describindo os eixes de desenvolvemento industrial e identificando as liñas mestras da problemática industrial galega.	Analiza e describe as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade.		
CA1.7 - Apreciar a importancia do mar na economía e na sociedade galegas e a industrialización do sector, así como os problemas e as oportunidades da explotación forestal.	Explica e identifica as actividades propias do sector marítimo e forestal, así como a importancia que ten os PPC e a acuicultura para Galicia.	TI	40
CA1.9 - Analizar a terciarización da economía galega, utilizando as fontes dispoñibles na rede, coñecendo as pautas do seu desenvolvemento e os seus sectores.	Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega buscando un desenvolvemento sustentable así como o avance da economía dixital e a globalización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Paisaxes naturais galegas. Biodiversidade, ecosistemas, espazos naturais protexidos. Políticas ambientais.</li> <li>- A demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual.</li> <li>- Distribución territorial da poboación. Desequilibrios entre a costa e o interior. Envellecemento e despoboamento rural.</li> <li>- Movementos naturais de poboación. Migracións: razóns estruturais e conxunturais.</li> <li>- Espazo urbano de Galicia. O eixe atlántico, a función das vilas como modelos sostibles.</li> <li>- O espazo rural e agrario. Transformacións das actividades agropecuarias. Pesca e acuicultura. Política comunitaria: a política agraria común (PAC) e a política pesqueira común (PPC)</li> <li>- Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Sectores industriais en Galicia.</li> <li>- Terciariización da economía galega. Transportes: eixes de fluxo comercial. Turismo, economía dixital e globalización.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	As raíces históricas de Galicia	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Explicar o fenómeno coñecido como romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio.	Explica e identifica a globalidade do fenómeno coñecido como a romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio.	PE	60
CA3.8 - Analizar as mudanzas baixomedievais: crise demográfica, economía urbana, rol da muller, conflitos sociais e guerras irmandiñas, a pacificación do territorio e a nova administración implantada polos Reis Católicos.	Identifica e analiza as mudanzas baixomedievais salientando a crise demográfica, os conflitos sociais no campo e nas cidades e as guerras irmandiñas.		
CA2.1 - Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a formación histórica da identidade de Galicia, coñecendo a cronoloxía dos feitos culturais da prehistoria galega, as principais estacións arqueolóxicas e as características principais dos achados m	Describe e comprende a evolución da prehistoria e a cultura castrexa e coñece os principais depósitos arqueolóxicos.	TI	40
CA2.2 - Explicar as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico.	Explica e identifica as diferenzas entre a estrutura económica, social e cultural do Paleolítico e do Neolítico, analizando o megalitismo en Galicia.		
CA3.1 - Analizar a pegada da monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos.	Describe as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.		
CA3.3 - Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego.	Explica e analiza a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.		
CA3.4 - Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fundamentalmente estamental.	Comenta e describe a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.		
CA3.5 - Comprender a xénese e articulación do Camiño de Santiago e a súa importancia política, social relixiosa e económica.	Explica e analiza a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando a súa importancia, os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Prehistoria de Galicia. Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes depósitos de Portomaior, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. O Home de Cromagnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde. Función da arte pr</p> <p>- O Megalitismo e a Idade dos Metais: dolmen de Axeitos, dolmen de Dombate e lapa de Gargantáns.</p>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A civilización romana: a conquista, o proceso de romanización, os trazos principais dos castros romanizados a través do Castro de Viladonga ou do Castro de Baroña. Características principais da cidade romana, o exemplo de Lugo. A arquitectura relixiosa ta</li> <li>- O dominio suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda.</li> <li>- A arte prerrománica. Características xerais. A arquitectura visigótica en Galicia: Santa Comba de Bande.</li> <li>- Galicia na Idade Media: Características da sociedade feudal galega, integración no reino astur-leonés; primeira acepción de Galicia como Reino e o seu mantemento honorífico ao longo do Antigo Réxime. Expansión artesanal, comercial e urbana arredor dos cam</li> <li>- Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica. Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil e Santa Mariña de Ferreira de Pantozn.</li> <li>- Primeiro Románico. Basílica de San Martínzo de Mondonzedo.</li> <li>- Mudanzas baixomedievais: crise demográfica, economía urbana, conflitos sociais e guerras irmandiñas; pacificación do territorio e nova administración implantada polos Reis Católicos. As mulleres na Idade Media.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	As raíces da arte galega e a Arte Medieval en Galicia.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Reconocer as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica en Galicia en relación co contexto histórico e cultural da mesma, explicando a función da arte románica e o papel dos mosteiros (Cluny e Cister).	Describe as características e a función das igrexas e dos mosteiros na arte románica. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa arte románica e o desenvolvemento de Santiago.	PE	60
CA3.7 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural, estudando o papel das ordes mendicantes.	Describe e analiza as características e a evolución da arte gótica en Galicia e especifica os cambios introducidos respecto á románica.		
CA2.3 - Explicar a función social, ritual, relixiosa e xerarquizadora da arte prehistórica en Galicia, especificando o papel desenvolvido pola sociedade, especialmente no que respecta ao rol da muller nas comunidades prehistóricas.	Describe e especifica a consideración social, xerarquizadora e relixiosa das expresións artísticas da prehistoria en Galicia.		
CA2.5 - Reconocer as características esenciais das culturas castrexa e romana, relacionándoas co seu respectivo contexto histórico, artístico e cultural.	Describe as características e as funcións dos principais tipos da arquitectura castrexa. Describe as características e as funcións da tipoloxía da arquitectura e a cidade romana.	TI	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	Define o concepto da arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en Galicia. Describe e identifica as características xerais das manifestacións artísticas do prerrománico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prehistoria de Galicia. Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes depósitos de Portomaior, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. O Home de Cromagnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde. Función da arte pr</li> <li>- A cultura castrexa: os castros de Santa Tegra, San Cibrán de Las e Elviña. Escultura e ourivaría castrexa: torque de Burela, casco de Leiro, cabeza de Rubiás e guerreiro de Armeá.</li> <li>- A civilización romana: a conquista, o proceso de romanización, os trazos principais dos castros romanizados a través do Castro de Viladonga ou do Castro de Baroña. Características principais da cidade romana, o exemplo de Lugo. A arquitectura relixiosa ta</li> <li>- A arte prerrománica. Características xerais. A arquitectura visigótica en Galicia: Santa Comba de Bande.</li> <li>- Romañico pleno: catedral de Santiago. Santa Mariña de Cambre, Santa Mariña do Campo, igrexa de Santiago en A Coruña, colexiata de Santa Mariña de Sar, igrexa de Vilar de Donas, San Nicolás de Portomariñ, catedral de Ourense. Fachada de Praterizas, Poñ</li> <li>- Tardorromañico. Arquitectura do Císter. San Lourenzo de Carboeiro, mosteiro de Santa Mariña de Oseira e mosteiro de Santa Mariña de Armenteira.</li> <li>- Achega da arte goítica, expresión dunha cultura urbana. Catedral e arquitectura civil. A escultura goítica: poético da catedral de Tui, porta do Colexio de San Xerome e sepulcro de Fernán Peres de Andrade "O Boo".</li> <li>- As ordes mendicantes: San Domingos de Bonaval, San Domingos de Pontevedra e San Francisco de Betanzos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Analizar e explicar os cambios estruturais producidos en Galicia durante o Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo, describindo as principais institucións galegas da Idade Moderna: Xunta do Reino de Galicia, Real Audiencia, Real Intendencia e conce	Describe e identifica as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica.	PE	60

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Estudar as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime e a situación social da muller.	Describe e analiza cun relato crítico ás estruturas sociais e a situación social da muller no Antigo Réxime. Describe as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime.	TI	40
CA4.3 - Explicar as peculiaridades do intenso crecemento da demografía galega na Idade Moderna, a pronta superación da crise do século XVII e o forte crecemento experimentado no século XVIII.	Explica e analiza as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.		
CA4.4 - Analizar a estrutura xeral do sistema produtivo do Antigo Réxime, de base agraria e economía de subsistencia, explicando as claves de acumulación de capital necesarias para o desenvolvemento comercial e manufactureiro.	Identifica e describe as características do desenvolvemento da economía galega no Antigo Réxime.		
CA4.6 - Analizar a pegada da Ilustración na Galicia do Antigo Réxime, coñecendo as iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia), o exemplo de Sargadelos, o comercio interior e exterior (intercambios con América) e	Identifica e analiza a economía de base agraria, as manufacturas artesanais e as transformacións industriais. O comercio interior e exterior e o Arsenal de Ferrol. O reformismo e o papel das academias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime.</li> <li>- Actividades económicas: economía de base agraria; a expansión do millo e da pataca, os foros, manufacturas artesanais e iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia); exemplo de Sargadelos; comercio interio</li> <li>- A sociedade galega durante a Idade Moderna: elites (nobreza absentista e fidalguía rendista), campesiñado, os diversos sectores do clero, comerciantes e artesáns. Formas de vida e mentalidades colectivas dos grupos sociais. O papel da muller.</li> <li>- Institucións políticas do Antigo Réxime: Real Audiencia, Xunta do Reino, corrixidores e intendentes.</li> <li>- Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Barroco compostelán. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Comentario de obras de arte do barroco en Galicia. Obras de Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simo</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Arte na Idade Moderna en Galicia.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento e do Barroco en relación co contexto histórico e cultural, a unidade e diversidade do Barroco e o uso da linguaxe artística ao servizo do poder civil	Explica, identifica e analiza as características esenciais da arte do Renacemento en Galicia e a súa periodización. Explica, identifica e analiza as características da arte Barroca en Galicia.	PE	100
CA4.7 - Reconocer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Neoclasicismo e a influencia do pensamento ilustrado na arte.	Explica e analiza as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais: o foco compostelán. O urbanismo academicista a través do Arsenal de Ferrol.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A arte renacentista. Patróns e artistas. Iconografía na arquitectura do século XVI. Comentario de obras de arte do renacemento en Galicia. Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte, Hospital Real de Santiago e Pazo de Fonseca. Estatuas da fachada do m</li> <li>- Ilustración en Galicia: ensino, ciencia, pensamento e cultura letrada. O Padre Feijoo e Frei Martín Sarmiento.</li> <li>- Neoclasicismo. Enxenxeiros técnicos na arquitectura do neoclasicismo en Galicia, o arsenal de Ferrol. Estilo academicista. Comentario de obras de arte do Neoclasicismo en Galicia. Obras de Domingo Lois Monteagudo. Pazo de Raxoi, fachada da Acibechariça,</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Galicia no S.XIX	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e os movementos sociopolíticos que propiciaron a evolución histórica da Galicia contemporánea, desde unha sociedade rexida baixo o predominio dos grupos sociais tradicionais ata o triunfo do liberalismo.	Identifica e describe os principios ideolóxicos e os problemas que influíron na evolución da organización política da sociedade galega do S. XIX.	PE	60
CA5.2 - Explicar a arquitectura do proceso político e institucional ideado por Cánovas del Castillo e a súa aplicación en Galicia, as súas fortalezas e debilidades e os rasgos esenciais do Rexurdimento.	Describe e analiza o funcionamento real do sistema político da Restauración.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.3 - Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade, estudando as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia contemporánea e os conflitos	Describe e analiza os procesos desamortizadores en Galicia e as características da evolución económica de Galicia no século XIX.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Absolutistas e liberais: guerra contra Francia; o papel da Igrexa. O problema carlista e a expansión do liberalismo nas cidades durante o reinado de Fernando VII. Implantación da nova estrutura político-administrativa e institucional do Estado liberal en</li> <li>- O difícil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade: esgotamento do complexo agrario e crise das manufacturas domésticas na primeira metade do século XIX; desaxustes demográficos e comezos da emigración masiva a América.</li> <li>- O desigual balance do proceso desamortizador. Permanencias no mundo rural e os cambios lentos nas vilas e cidades: devalar das vellas elites rurais e formación dunha pequena burguesía comercial de orixe foránea.</li> <li>- Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo. Redes clientelares dos partidos dinásticos como mecanismo de exercicio do poder; organizacións políticas dos novos grupos sociais; mobilización agrarista do campesiñado.</li> <li>- O neoclasicismo. Enxeñeiros técnicos na arquitectura do neoclasicismo en Galicia. Estilo academicista.</li> <li>- Galicia no camiño da modernización (1874-1936). Unha sociedade en cambio: evolución demográfica e éxodo ultramarino; características e consecuencias da emigración de retorno. Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desapa</li> <li>- Crise do sistema político da Restauración. Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo, Estatuto de 1936. O Nacionalismo galego: Afonso Daniel R. Castelao. Polarización da sociedade</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Galicia no primeiro terzo do S.XX (1900-1936)	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Comprender a evolución política de Galicia durante a Segunda República e o comezo da Guerra Civil, analizando os cambios acaecidos no rol social e institucional da muller no período republicano.	Analiza e identifica a ideoloxía das forzas políticas e a evolución política e de Galicia durante a II República,. Describe a lexislación republicana con as leis que favoreceron a igualdade.	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.3 - Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade, estudando as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia contemporánea e os conflitos	Describe e analiza as características da evolución económica e social na Galicia do primeiro terzo do S.XX, e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Galicia no camiño da modernización (1874-1936). Unha sociedade en cambio: evolución demográfica e éxodo ultramarino; características e consecuencias da emigración de retorno. Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desapa</li> <li>- Crise do sistema político da Restauración. Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo, Estatuto de 1936. O Nacionalismo galego: Afonso Daniel R. Castelao. Polarización da sociedade</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Galicia durante a Guerra civil e o Franquismo. (1936-1975).	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.6 - Caracterizar a realidade da etapa dos plans de desenvolvemento coas súas transformacións económicas e sociais e estudando o papel da muller na etapa franquista.	Describe e analiza a pegada das políticas de desenvolvemento en Galicia: transformacións económicas e sociais, salientando o papel da muller, e as consecuencias dos plans de desenvolvemento.	PE	60
CA5.5 - Coñecer as características esenciais da posguerra e a economía autárquica propia do primeiro franquismo.	Analiza e describe a posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo.	TI	40
CA5.7 - Analizar o Tardofranquismo estudando a inestabilidade política, os apoios e as oposicións ao réxime.	Identifica e analiza as características do franquismo na súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo.</li> <li>- Anos do desenvolvemento: transformacións económicas e sociais; consecuencias dos plans de desenvolvemento en Galicia. Tardofranquismo: inestabilidade política, apoios e oposición ao réxime. A muller na etapa franquista.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Galicia na transición e a Democracia. (1976-2022)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.9 - Describir o proceso autonómico en Galicia, identificando as características do Estatuto de Autonomía no marco da Constitución de 1978, analizando a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español nas comunidades	Analiza e describe as mudanzas estruturais na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental	PE	60
CA5.10 - Coñecer o impacto do ingreso na Unión Europea en Galicia, as súas fortalezas e as súas debilidades.	Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o estado do benestar alcanzados desde os anos 80 do pasado século	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A realidade galega actual: proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España. Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade.</li> <li>- Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega. Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recur</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Arte na Idade Contemporánea en Galicia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura e as artes plásticas nos séculos XIX e XX en Galicia.	Describe e analiza os procesos de configuración e os trazos esenciais da arte en Galicia nos S.XIX e XX. Identifica, analiza e comenta as obras máis representativas da arte galega dos S.XIX e XX.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arte galega do século XIX: arquitectura do século XIX. Impacto dos novos materiais: historicismo e eclecticismo. Obra de Jenaro de la Fuente. Nacemento do urbanismo moderno. Homoxenización de modelos e creación dos barrios obreiros. Escultura do Rexurdime</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura do Século XX en Galicia. Renovación da linguaxe arquitectónica: funcionalismo do movemento moderno e arquitectura orgánica. Fenómeno das vangardas nas artes plásticas en Galicia. Vangardas e novos medios: a fotografía e o cine en Galicia. Com</li> <li>- Escultura do século XX en Galicia: obras de Francisco Asorey, Xosé Eiroa, Xoaquín Pinheiro, Camilo Otero, José Mariña Acuña, Eduardo Parrado e Cristino Mallo.</li> <li>- Pintura do século XX en Galicia. Obra pictórica de Colmeiro, Laxeiro, Arturo Souto, Fernando Álvarez de Sotomayor, Luis Seoane, Eugenio Granell, Tino Grandizo, Mariña Antonia Dans, Maruxa Mallo, Manuel Abelenda, Isaac Díaz Pardo, Menchu Lamas, Francis</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	O Patrimonio cultural de Galicia.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Coñecer o concepto de patrimonio cultural de Galicia e a súa categorización.	Describe, exemplifica e analiza o concepto e a importancia da protección do patrimonio cultural en Galicia.	TI	100
CA6.2 - Entender e valorar os principios de conservación, posta en valor, fomento e difusión dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.	Describe e analiza as creacións do patrimonio cultural en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.		
CA6.3 - Coñecer as liñas fundamentais de posta en valor do patrimonio cultural galego e valorar o seu significado e implicacións socioeconómicas.	Explica e analiza as concepcións estéticas e as características esenciais do patrimonio cultural en Galicia, valorando a súa función social, especificando o papel da sociedade e as súas relacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O patrimonio cultural en Galicia. Principios esenciais da normativa específica sobre o patrimonio cultural de Galicia. Patrimonio material e inmaterial. Os bens declarados de interese cultural e as súas categorías. O Rexistro de bens de interese cultural</li> <li>- A conservación, posta en valor, fomento e difusión dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia: axentes, problemática e logros.</li> <li>- Os camiños de Santiago. O Sistema galego de museos. O Plan de catedrais. Parques e centros arqueolóxicos (intervención en castros, dolmens e petróglifos). O patrimonio industrial. Bens patrimonio da UNESCO.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despreparará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos profesorado
Aula Virtual do centro
Portfolio do alumnado
Material fotocopiabile
Presentacións interactivas por medio de Apps
Material audiovisual
Gamificación
Novelas históricas, novelas gráficas

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como

profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado por docentes, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula.

O alumnado pode utilizar o seu portfolio de traballo, que será observado e avaliado polo profesorado. Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual, utilizada como repositorio de contidos avaliábeis.

As novelas históricas e gráficas serán tratadas como apoio aos contidos dunha forma lúdica. A gamificación por medio de cuestionarios (Kahoot), daralle un punto divertido e lúdico ao ensino-aprendizaxe.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e/ou Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>8</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	100	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	0	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	0	<b>58</b>

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	100	<b>42</b>

### Crterios de cualificación:

- A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso a aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.
- A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

- A avaliación ordinaria:

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grao de comprensión dos conceptos e procesos, son:

- A participación no traballo de grupo.
- A participación en debates e exposicións.
- A realización de sínteses mediante esquemas, resumos ou gráficos.
- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
- A comprensión dos mesmos.
- A capacidade de síntese e análise.
- A comprensión e desenvolvemento das actividades.
- A utilización das fontes de información.
- Probas escritas, orais e traballos individuais e en grupos.

Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación e participación.

Avaliación procedimental (análise e comentario de documentos específicos da materia).

Esta proba pode referirse ao comentario de textos relacionados cos contidos tratados, comentarios e táboas estadísticas, gráficos, comentarios de obras de arte.

É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Abalar , GMail, Kahoot, Edmodo e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex ou Zoom.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

Os criterios para cualificar ao alumnado serán os seguintes:

- Probas escritas (exames), orais ou dixitais nas que o alumnado debe contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas.
- No caso de ter cadernos do traballo en papel ou dixital. O alumnado debe ter ao día o seu caderno cos diferentes exercicios e esquemas que se van realizando na aula.
- A ponderación dos exames escritos será como mínimo do 80%, dependendo do número de exámes feitos, en cada avaliación haberá como mínimo dous exames.
- A ponderación de outros traballos escritos, dixitais ou traballos específicos, exposicións oráis, cuestións, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será como máximo do 20%, dependendo do número de traballos feitos.
- Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha calificación de 5 ou superior na nota ponderada dos exames feitos en dita avaliación.
- Ter unha avaliación suspensa implica a obrigaón de recuperala, non a recupera facendo media coas demais

avaliacións.

- Para aprobar o curso e ter a materia superada é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Neste caso a nota final do alumno será a media aritmética das tres.

- Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas:

-Comentario de texto 40%

-Comentario de obra de arte ou mapa histórico 30%

-Pregunta teórica 20%

-Definición de conceptos 10%

- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Si un alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribírase esta sen alteracións nas actas.

- Si un alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.

- Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribirían como un 6 ou un 7).

- Se algún alumno ou alumna é descuberto copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.

-No caso de que un alumno/a non se presente a un ha proba escrita deberá xustificar a súa falta mediante xustificante oficial (médico, etc...)

A nota final de curso será a suma do 33% de cada unha das avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

- O alumnado que ao longo do curso non acaden os obxectivos reflectidos nesta programación poderán realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do Departamento que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación, tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.

- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.

- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.

- O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores.

- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.

- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula, na web do centro e na aula virtual de cada grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procurarase que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro ónde se publicará esta programación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan. Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idóneas na aula, de forma que estean

sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse elevar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ao nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados a cada alumno.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X		X		X	X	X
ET.3 - Competencia dixital, webs e apps	X	X		X		X		
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		X		X		X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico		X				X		X
ET.6 - Educación emocional e en valores				X		X		X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e Igualdade de xénero				X		X		X
ET.8 - Creatividade				X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	
ET.3 - Competencia dixital, webs e apps			X	
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X	X	
ET.8 - Creatividade			X	

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			
Viaxes culturais	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			
Roteiros históricos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			

### Observacións:

Todas as actividades complementarias están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

As actividades que se realizarán ao longo do curso serán as seguintes:

- Visita a un castro ou a un dolmen (outubro)
- Visita ao Museo de Pontevedra (decembro)
- Visita a Santiago (Febreiro)

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Temporalización das unidades e dos contidos
Demostra o coñecemento da materia
Exposición da información
Emprega unha grande variedade de recursos
Consegue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación

### Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizarse por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, disporase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas dos alumnado para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:



- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso. Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens e cunha frecuencia mensual e trimestral por avaliacións a través das reunións de departamento.

No seguimento de cada UD establecerase: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións (datos que figuran en Proens).

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

## **9. Outros apartados**